# RÚBRICAS

Empregar rúbricas para correxir na propia AV é moi sinxelo, tanto como facelo de xeito tradicional.

As rúbricas debense crear cando poñamos unha tarefa, no apartado de CUALIFICACIÓN, por defecto ven a Directa Simple pero nese menú de “Método de Cualificación” podemos impoñer unha rúbrica. Debemos ter en conta a Puntuación máxima que lle damos á tarefa porque sobre ela calculará a AV a puntuación real.




Damoslle a Gardar e Presentar e xa nos abre o editor de rúbricas.



Podemos crear a rúbrica desde cero que é moi sinxelo ou aproveitar outra que xa fixeramos. É moi sinxelo de crear, só é poñerlle un nome e encher os ocos:




Criterio: É o que imos a avaliar
Nivel: É o que pedimos para sacar determinada nota



| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Identificación | Non fai a identificación 0 puntos | Non cita as catro características básicas 0.5 puntos | Simplemente cita as catro características 1 puntos | Cita as catro características expresándose de xeito harmonioso 2 puntos | Engadir nivel |
| Antecedente | Non cita antecedentes 0 puntos | O antecedente é vago e insuficiente 0.5 puntos | O antecedente vai ata a causa real da Idea Principal pero non está explicado totalmente 1 puntos | Vai ata a causa real da Idea Principal e o ex.plica totalmente 2 puntos | Engadir nivel |
| Comentario | Non fai referencia á Idea Principal 0 puntos | Cita a idea principal de xeito vago e pouco preciso 1 puntos | Explica a idea principal pero sen profundizar 3 puntos | Explica as ideas principais indicando as súas causas e consecuencias 5 puntos | Engadir nivel |
| Conclusión | Non fai conclusión 0 puntos | Fai unha conclusión breve só da propia idea 0.25 puntos | Fai unha conclusión elaborada pero só inmediata 0.75 puntos | Fai unha conclusión concreta chegando ate a actualidade | Engadir nivel |

Así, cando corrixamos na AV, teremos ao lado a nosa rúbrica e só será ir pinchando en cada unha das celas e xa nos saca a conta directamente, ademais podemos facer comentarios ao lado se queremos dar algunha explicación.